

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DO 29 DE XULLO DE 2022 SOBRE A IMPLANTACIÓN EXTRAORDINARIA E TRANSITORIA DUN SISTEMA DE GARDAS DE RELEVO NOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA.

A indispoñibilidade de persoal médico, voluntario ou temporal, para a cobertura de ausencias imprevisibles, particularmente nas fins de semana e días festivos, nos Puntos de Atención Continuada (PAC), esixe a adopción de medidas de ordenación en todas as áreas sanitarias para garantir a continuidade asistencial na atención extrahospitalaria.

Entre as medidas transitorias e extraordinarias que poden ser adoptadas figura a implantación dun sistema de gardas de relevo aos efectos de garantir a cobertura de ausencias sobrevidas nos PAC, mediante localizacións retribuídas, que no caso de ser requirida a presenza física da/do profesional, serían retribuídas como de presenza física.

A implantación deste sistema de cobertura foi tratado nas mesas sectoriais dos días 19 e 21 de xullo de 2022, e atópanse incluídas nas Instrucións da data do 27 de xullo de 2022 da Dirección Xeral de Recursos Humanos de medidas urxentes e excepcionais dirixidas a garantir a dispoñibilidade de persoal nos PAC.

Por canto antecede, esta Dirección Xeral dita as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeira. Obxecto

As presentes instrucións teñen por obxecto a regulación de prestación excepcional e transitoria de gardas localizadas polo persoal de atención primaria das categorías de médico de familia, médico de PAC e facultativo especialista de atención primaria nos Puntos de Atención Continuada.

Segunda: Norma xeral

O persoal incluído no ámbito de aplicación das presentes instrucións, no número que se determine en cada área, estará en expectativa de ser chamado (garda localizada) para cubrir as presenzas mínimas no PAC, unha vez esgotadas as posibilidades de cobertura por persoal temporal e voluntario. Constatada a imposibilidade de cobertura polo titular en carteleira, o persoal en localización daría o relevo ao persoal de PAC na quenda precedente a quenda ausente.

A activación do relevo realizarase polos medios determinados en cada xerencia, como poden ser o teléfono dende a dirección de garda, e remitirase para constancia o requirimento por mail corporativo.

Terceira. Características

3.1 O número mínimo de persoal que conformará a columna de garda de relevo única por área sanitaria, será determinado por cada xerencia. De cubrirse o número necesario para garantir a cobertura con persoal voluntario, non se activará a cobertura obrigatoria.

O persoal de relevo mínimo necesario por área sanitaria será: 1 médico/a /día sábado e 1 médico/a /día domingo/ festivo de garda localizada. Porén, os días poderán ser excepcionalmente ampliados en caso de pontes.

3.2 A duración do programa de gardas de relevo será provisional, en tanto dure a situación de falta de persoal temporal, alta incidencia de incapacidade temporal, ou período estacional de vacacións.

3.3 A cadencia de gardas establecerase en función do número de persoas de PAC dispoñibles para quendas de fin de semana e as voluntarias que indiquen a súa dispoñibilidade, configurándose un calendario ata setembro 2022, coa máxima programación que sexa posible. Na elaboración do calendario teranse en conta as posibles concorrencias co calendario principal e a xornada máxima legal. Darase difusión do calendario entre todos/as os/as participantes.

3.4 En caso de non existir voluntariedade suficiente, se organizarán as quendas pola correspondente dirección da área.



Cuarta: Retribucións e axudas de custo.

As gardas serán retribuídas como localizadas segundo cada réxime retributivo (persoal de Pac, ou de centro de saúde) previsto nas Ordes de confección de nóminas publicadas no DOG (actualmente da Orde do 19/01/2022, Dog nº 13, do 20 de xaneiro).

No caso de ser requirida a presenza física, pasarán a ser retribuídas na súa totalidade como garda de presenza física/xornada complementaria. Así, para persoal de PAC como xornada complementaria, nocturnidade e festividade, e para o persoal de centro de saúde, garda de presenza física segundo sexa de sábado, domingo ou festivo.

Facilitarase o desprazamento mediante taxi e, no seu caso, a manutención.

Quinto: Compromiso coa organización.

A prestación de servizos de gardas de relevo durante a realización do programa provisional incluírase no indicador de compromiso coa organización na avaliación do ADX cun 10% de grao de cumprimento (a porcentaxe aplicará en caso de participar e non afectará negativamente a aqueles que non participen)

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital consignada á marxe,

Ana M^a Comesaña Álvarez
Directora Xeral de Recursos Humanos
do Servizo Galego de Saúde